



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Expte: 2021/G007/000039

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día vinte e un de outubro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os seus concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, dona Jessica Sabín Fernández, don Sergio Saavedra Gutiérrez, e dona Jessica Sabín Fernández. Non asiste e xustifica a súa ausencia don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os seguintes acordos:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN DO 30.09.21.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes aprobou a acta da sesión citada.

2º.- EXPEDIENTES ÁREA DE URBANISMO

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“- Expte. núm. 99/2021.- LORENA DÍAZ CIBREIRO.- Aportación de proxecto de execución redactado e elaborado pola arquitecta D^a. Carolina Martínez Vila, en relación ás obras de construción de vivenda unifamiliar illada e peche de parcela na rúa ~~Alameda nº 14~~ da parroquia de **Valdoviño**; licenza concedida polo acordo da Xunta de goberno local de data 30 de setembro de 2021, no que como condición expresa da licenza se impoñía a obriga de non comezar as obras en tanto que non se aportase ao expediente proxecto de execución, nomeamento de arquitecto como director de obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado polo devandito colexio, nomeamento de arquitecto técnico ou aparelador como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado polo devandito colexio e estudo básico de seguridade e saúde visado.

E visto que a documentación se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 19 de outubro de 2021,

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica aportada, podendo dar comezo ás obras incluídas na licenza correspondente ao expte. 99/2021.

Segundo.- Dado que o orzamento reflexado no proxecto de execución non varía con respecto á do proxecto básico non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 30 de setembro de 2021.

Valdoviño, 20 de outubro de 2021.
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, aprobou a proposta de Alcaldía anteriormente transcrita.

3º.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERDIDO E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA PERSOAL

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Visto a situación de escaseza de persoal do Concello de Cerdido, e de xeito transitorio, o concello de Valdoviño pon a disposición a unha das súas funcionarias para a prestación dos servizos e funcións que lle son propias.

En virtude da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, que regula no seu artigo 209 a realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local indicando que para elo as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local, o persoal asignado aos devanditos servizos e as funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

Visto o convenio de colaboración entre os concellos de Valdoviño e Cerdido en materia de persoal recibido en data 14.10.21 co núm. de rexistro 20219000000072.

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas no artigo 21.1 h) e 21.1. s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do Réxime local e demais disposicións en vigor, **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- APROBAR o convenio COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERDIDO E O CONCELLO DE VALDOVIÑO en materia de persoal.

Segundo.- Dar conta aos servizos económicos aos efectos que procedan.

Terceiro.- Notificar o concello de Cerdido para o seu coñecemento e efectos.

En Valdoviño, na data indicada á marxe.
O Alcalde,
Alberto González Fernández

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR ALCALDE/

ANEXO: BORRADOR CONVENIO

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERDIDO E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSONAL

En Cerdido, a de outubro de 2021

COMPARECEN

Por unha parte, Don Benigno Galego Castro, Alcalde-Presidente do Concello de Cerdido, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra parte, Don Alberto González Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigar-se nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

1º.- Que ambas entidades locais están amparadas para a suscripción de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2º.- A Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, regula no seu artigo 209 a realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local indicando que para elo as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local, o persoal asignado aos devanditos servizos e as funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

3º.- O Concello de Cerdido atópase nunha situación moi problemática de escaseza de persoal como consecuencia da xubilación do único administrativo do concello e a baixa da secretaria-interventora, contando actualmente só con dous funcionarios de oficina (o auxiliar administrativo e o traballador social) e a labor da secretaria interventora en acumulación.

4º.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación, así cabe mediante a necesaria colaboración entre distintas administracións locais, poder prestar aos veciños servizos de calidade.

5º.- Que o Concello de Valdoviño dispón entre os seus medios persoais, dunha funcionaria que lle pode dar cobertura as necesidades deste Concello na materia que nos ocupa.

CLAUSULAS

1ª.- Obxecto do Convenio e ámbito de aplicación.

O presente Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes, posto que os dous concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para que a persoa designada polo Concello de Valdoviño, que está conforme coa dita designación, poida desenvolver as súas funcións nas dependencias do Concello de Cerdido en calidade de administrativo, de xeito temporal polo prazo máximo de un ano para realizar estas funcións.

2ª.- Servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local e detalle das funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

A funcionaria designada realizará as funcións propias da Subescala Administrativa e as recollidas na relación de postos de traballo do Concello de Cerdido para os administrativos, especialmente, pero non exclusivamente, en materia de xustificación de subvencións e na área económica de intervención-tesourería (contabilidade, colaboración na rendición de información contable periódica, etc) e, en xeral aquelas que lle sexan requiridas pola alcaldía no ámbito das súas funcións.

3ª.- Forma de colaboración das partes

A traballadora do Concello de Valdoviño desenvolverá as súas funcións nas dependencias administrativas do Concello de Cerdido.

A intensidade e horarios dependerán das necesidades de ambos concellos fixándose un máximo de 16 horas semanais, sen prexuízo de que por necesidades do servizo se poidan realizar un número maior en circunstancias excepcionais que deberán contar coa autorización de ambos concellos e da traballadora, para o que asinarán un documento conxunto os dous representantes municipais e a funcionaria de acordo co modelo contido no Anexo I deste convenio.

O Concello de Cerdido transferirá ao Concello de Valdoviño os importes que deriven do seguinte cálculo:

Nº de horas de traballo realizadas mensualmente dentro dos límites sinalados: coste hora gratificación .

A tal efecto, nos dez primeiros días do mes seguinte, o empregado do Concello de Valdoviño presentará un parte de horas realizadas no mes anterior, que será asinado polo Alcalde de Concello de Cerdido, en proba de conformidade, tramitando o gasto correspondente que será ingresado mediante transferencia bancaria.

O Concello de Valdoviño abonará a cantidade mensual de gratificacións resultante unha vez recibido o ingreso do Concello de Cerdido, na nómina do traballador ó final de cada mes.

4ª.- Designación do funcionario/a do Concello de Cerdido a que se lle encomenda a realización das ditas tarefas

O funcionario/a designado/a é Dna. NATALIA SALGADO VÁZQUEZ

5ª.- Natureza administrativa do convenio

Este acordo ten natureza administrativa, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do disposto no seu artigo 6.

6ª.- Cuestións litixiosas.

O presente Convenio ten carácter administrativo, réxese polo establecido nas súas cláusulas. Se non hai acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

7ª- Vixencia do Convenio.

O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura polo prazo dun ano.

Para o exercizo 2021 cóntase con crédito axeitado e suficiente na aplicación 934.462, quedando condicionado este convenio á consignación efectiva de crédito para a anualidade 2022.

O Concello de Cerdido comprométese a consignar no seu orzamento de 2022 crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas derivadas deste convenio. Ademais, o convenio perderá a súa vixencia previa comunicación a outra parte cunha antelación de 15 días, polos seguintes motivos:

- Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración, si o Concello de Cerdido acada igualmente un funcionamento áxil dos seus servizos.
- Si a persoa designada para a dita colaboración, manifesta posteriormente non estar conforme con continuar prestando os seus servizos no outro termo municipal.
- Si o Concello de Valdoviño estima que non é posible colaborar, con motivo de dar cobertura a necesidades propias do seu concello.

Nestes supostos o empregado designado presentará un parte das horas realizadas pendentes de abonar e no prazo, e previa conformidade da Alcaldía, procederáse ao abono dos importes que se determinan na cláusula terceira.

O convenio poderá ser obxecto de prórroga por unha duración máxima igual á estipulada, un ano.

A estes efectos será necesario acordo de prórroga expresa adoptado polos órganos competentes de ambos concellos e a constancia da conformidade expresa da funcionaria; todo con carácter previo á finalización do convenio.

O alcalde do Concello de Cerdido

O alcalde do Concello de Valdoviño.

ANEXO I

Dadas as circunstancias actuais de acumulación de tarefas derivadas de
...que determinan a necesidade de que, excepcionalmente, se incrementen as horas semanais sinaladas como máximas na cláusula terceira do CONVENIO DE

COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CERDIDO E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL para a realización de funcións pola administrativa

Estando todas as partes de acordo na prestación transitoria dun número de horas semanais superior ao indicado e fixando ese máximo para o mes de enhoras/semanais, asinan en proba de conformidade os seguintes:

O alcalde do Concello de Cerdido

O alcalde do Concello de Valdoviño

A funcionaria

Documento asinado con firma dixital nas datas que figuran á marxe.

(O presente documento debe acompañarse de certificado ou documento contable de RC na aplicación correspondente para a asunción do custe derivado do incremento de horas semanais)".

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, aprobou o convenio entre o concello de Cerdido e o concello de Valdoviño en materia de persoal.

4º.-ACORDO DE ANULACIÓN DE PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN 2021/C004/000004 “SERVIZO DE CONSERXERÍA, LIMPEZA XERAL E PEQUENOS TRABALLOS DE MANTEMENTO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES DE LONGOIRO”.

“En data 15.07.21 acordouse polo órgano de contratación (XGL) aprobar o expediente de contratación para adxudicación do contrato de servizos de “Servizo de conserxería, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento do Pavillón municipal de deportes de Longoiro” con número de referencia 2021/C004/000004, a través do procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, cunha pluralidade de criterios de adxudicación con base á mellor relación calidade-prezo, cun orzamento base de licitación 57.489,78€ (IVE do 21% incluído).

En data 20.07.21 publicouse o anuncio licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público, (perfil do contratante).

Detéctanse logo diversos erros nos pregos que rexen a citada contratación.

Dáse conta desta circunstancia á Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta o disposto no artigo 124 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector público:

“El órgano de contratación aprobará con anterioridad a la autorización del gasto o conjuntamente con ella, y siempre antes de la licitación del contrato, o de no existir esta, antes de su adjudicación, los pliegos y documentos que contengan las prescripciones técnicas particulares que hayan de regir la realización de la prestación y definen sus calidades, sus condiciones sociales y ambientales, de conformidad con los requisitos que para cada contrato establece la presente Ley, y solo podrán ser modificados con posterioridad por error material, de hecho o aritmético. En otro caso, la modificación del pliego conllevará la retroacción de actuaciones.”

Considerando que as precisas rectificacións supoñen unha modificación substancial do prego que rexe esta contratación.

A Xunta de Goberno Local, **RESOLVE** en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión:

1º.- Anular o procedemento de licitación e retrotraer as actuacións ao intre da elaboración da documentación preparatoria.

2º.- Requirir pois á secretaría municipal a elaboración da documentación preparatoria preceptiva para a adxudicación do servizo de conserxería, limpeza xeral e pequenos traballos de mantemento do Pavillón municipal de deportes de Longoiro de limpeza de edificios municipais no Concello de Valdoviño; anulando o procedemento de referencia 2021/C004/000004 abrindo novo expediente con novo número de referencia para a tramitación do mesmo.

3º.- Publicar o presente acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público.

4º.- Dar traslado do acordo aos servizos económicos para o seu coñecemento e efectos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes acordou a anulación do procedemento e retrotraer as actuacións ao intre da documentación preparatoria do Servizo de Conserxería, Limpeza xeral e traballos de mantemento do pavillón municipal de deportes de Longoiro.

PARTE DE ACTIVIDADE

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulou ningún rogo nen pregunta.

Sen ningún outro asunto a tratar, cando son as dez horas e vinte minutos, a Presidencia levanta a sesión, da que coma Secretaria, estendo a presente acta e CERTIFICO o seu contido.

Documento asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo alcalde